

# Un prolífico e descoñecido poeta galego: Francisco Antonio Sánchez García, “Antón de Pepiño”

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

## Sumario

Datos para o coñecemento e situación literaria dun poeta galego descoñecido.

## Abstract

The life and works of the unknown Galician poet Francisco Antonio Sánchez García “Antón de Pepiño”

**A**s Irmandades da Fala constituíronse na Coruña en 1916 recollendo o ideario galeguista que, tras o impulso do provincialismo, chega á constitución do rexionalismo a finais do século XIX. Dentro dunha ideoloxía nacionalista, deuse un gran desenvolvemento da cultura galega. Créanse editoriais, revistas, publicacións e certames literarios para espallar o espírito galeguista. A partir da creación da primeira Irmandade da Fala, constitúense Irmandades nas máis importantes cidades e vilas de Galiza. En Betanzos prende tamén o fervor galeguista dando orixe ás Irmandades da Fala, o derradeiro domingo de outubro do ano 1917. Presididas por Vales Villamarín e, dentro da doutrina de propagación galeguista, organizan uns Xogos Florais na honra de San Roque en agosto de 1918.

No acto de constitución das Irmandades, o presidente sitúase na liña de defensa da lingua e da cultura galegas defendida por Villar Ponte. Con encendido entusiasmo fala da lingua á que, parafraseando a Curros Enríquez, denomina “idioma, compendio dos idiomas”. A declarada defensa da lingua non se corresponde co uso dela na organización dos Xogos Florais de 1918 os cales, como os convocados polo periódico local *El Progreso* en 1901, non contaron cos esforzos da Comisión organizadora para que a lingua galega fose, senón a única, a principal nas obras presentadas. A lingua maioritaria –tamén nos discursos pronunciados polo mantedor, Vázquez de Mella, e polo conselleiro honorario da Irmandade de Betanzos, Federico Pita Espelósín-, é o castelán, utilizado mesmo por destacados dirixentes das Irmandades como Peña Novo, presidente da Irmandade da Fala da Coruña. O libro, cos traballos premiados e cos discursos, vai precedido de “Unhas verbas” do presidente Vales e finaliza co texto en galego “¡¡Terra a nosa¡¡” de Rodrigo Sanz, solicitado para pechalo<sup>1</sup>, únicos textos en galego xunto coas presentacións dos traballos e coa composición “Canto a Galicia”, da autoría de Francisco Sánchez García, obra gañadora dun accésit.

---

\*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora em Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Língua Galega e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

1 O libro editouse pero non se distribuiu por falta de pago da edición.

Fronte aos postulados das Irmandades, estes Xogos Florais, como os de 1901, son a constatación do decaer do espírito galeguista. O único importante para a literatura galega é a participación dun autor tan fecundo como descoñecido, Francisco Sánchez García, a quen tratamos seguidamente de situar biográfica e literariamente.

Francisco Antonio Sánchez García nace en Modillós o día 18 de xaneiro de 1874; é o primeiro dos sete irmáns, seis homes e unha muller<sup>2</sup>, nados no matrimonio formado por Antonio Sánchez Gómez e Antonia García Murujosa<sup>3</sup>. Debido aos escasos medios económicos da familia emigra á Arxentina onde fai fortuna e adquire formación. Na cidade de Buenos Aires relacionouse cos intelectuais dos centros galegos colaborando en revistas e xornais con artigos en prosa e poesías en galego e en castelán. O 11 de novembro de 1905 é nomeado académico da Real Academia Galega, título outorgado polo primeiro presidente don Manuel Murguía<sup>4</sup>. De regreso a Galiza comprou as fincas que estaban á venda en Teixeira pasando a ter un importante patrimonio e casou con Enriqueta García Rego veciña de San Lorenzo de Carelle, lugar situado a 20 kilómetros de Teixeira, o día 24 de novembro de 1910. O matrimonio, que fixou a súa residencia en Teixeira, tivo seis fillas e un fillo; o fillo Francisco Xavier Antonio falece de poucos meses, o mesmo que a segunda filla, Sara María<sup>5</sup>. Con catro fillas vai vivir a Santiago para formalas como el desexaba. Fixan alí a súa residencia e en Compostela nace a súa última filla, Sagrario. Eladia Antonia e Enriqueta María Magdalena licencianse en ciencias químicas, María de los Ángeles e María Teresa estudan maxisterio facéndose mestras nacionais, Sagrario licenciase en Farmacia. O feito de querer que as súas fillas estuden unha carreira e mesmo carreiras de ciencias químicas demostra a visión culta e avanzada que Francisco tiña da vida e do papel da muller na sociedade. En Teixeira seguiu escribindo poemas, contos e artigos, traballo que continuaría en Santiago publicando en *El Compostelano* e *La Noche*. En 1925 é elixido director do *Diario de Galicia*, cargo que desempeñará ata a súa morte. Moitos dos seus traballos asínaos co pseudónimo de “Antón de Pepiño”, Antón por ser este o seu segundo nome e de Pepiño porque así era coñecida a casa dos seus pais, polo nome do avó paterno. En Santiago entra en relación con figuras importantes do panorama cultural galego como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro... Cando a súa filla abre unha farmacia en Teixeira, residen alí e en Santiago, cidade na que morre en 1939.

O autor de Teixeira nace en 1874, un ano despois da proclamación da primeira República, tras uns anos nos que os gobernantes provisionais Serrano e Prim, convocaran a Cortes para votar unha Constitución democrática e monárquica e o breve reinado de Amadeo,

2 Os outros fillos eran José Ramón, José Antonio, Florentino, José María, Josefa e Ricardo.

3 Sergio Vázquez Rouco ofrece informacións sobre a vida do poeta no libro *Santa Eulalia de Curtis*, publicado en Teixeira no ano 2002.

4 Na acta de constitución da Real Academia Gallega do 11 de novembro de 1905 figura o nomeamento de Francisco Sánchez García de Buenos Aires como académico correspondente.

5 A primeira filla naceu cando Francisco tiña 27 anos: Eladia Antonia: nace o 15 de decembro de 1911. Sara María nace o 5 de febreiro de 1913 e falece aos nove meses. Francisco Javier Antonio nace o 19 de agosto de 1914 e falece aos poucos meses. María de los Ángeles Benigna Rosario nace o 11 de febreiro de 1916 e falece o 12 de novembro de 1940. Enriqueta María Magdalena nace o 4 de decembro de 1917 e falece o 11 de novembro do 2000. María Teresa nace o 10 de febreiro de 1920 e falece o 15 de novembro de 1990. Sagrario nace en Santiago o 18 de maio e falece o 17 de setembro de 1996.

fillo do rei de Italia. Son uns anos moi axitados no panorama político, empezando polas revoltas orixinadas no Sexenio que vai de 1868 a 1874. A inicial tendencia federal da República vai adquirindo formas cantonais ata que Castelar impón o unitarismo. O día 3 de xaneiro de 1874, o xeneral Pavía dissolve as Cortes instaurándose unha dictadura provisional que prepara a Restauración a favor de Alfonso, o fillo de Isabel que ven de Inglaterra con Cánovas del Castillo. No período da Restauración, que vai de 1875 a 1917, alternan os dous grandes partidos, conservador e liberal, cunha pequena oposición carlista e republicana; morre o rei prematuramente e a raíña María Cristina faise cargo da Rexencia. Un dos feitos máis importantes é o fracaso colonial coa finalización da hexemonía de España sobre Cuba e Filipinas, o que suscita a oposición dos intelectuais, nacente o espírito da Xeración do 98 cheo dun sentimento de decadencia. Outro feito importante é o nacemento das consciencias nacionais coa evolución en Galiza do pensamento galeguista desde o provincialismo inicial de 1840 ata o nacionalismo das Irmandades da Fala en 1918. A segunda República. A sublevación militar e a guerra civil. As guerras europeas. O ascenso dos fascismos. En Galiza a pervivencia dos foros sobre pequenas parcelas que non permiten vivir ás familias, a superpoboación e a miseria provocan a emigración a América, onde son acollidos posteriormente os exiliados perdedores da guerra.

Francisco Antonio Sánchez García forma parte dun grupo de escritores que continúan a obra dos mestres do século XIX, aos que Carvalho Calero denomina como “epígonos”, aínda que cronoloxicamente estaría situado entre os escritores que o profesor denomina “postrenacentistas” por nacer na década dos setenta. Os “epígonos” son escritores nados na sexta década do século XIX que presencian como se desenvolve a Xeración do 98 na literatura en lingua castelá e o triunfo do modernismo introductor do cosmopolitismo e do aristocratismo na poesía. Estes escritores fan unha obra na liña tradicional romántica ou realista dos grandes mestres Rosalía, Pondal e Curros e, en xeral, non cultivan a poesía simbolista de Rosalía nin as novas formas modernistas. A obra do autor de Teixeira ten as características dos escritores seguidores dunha liña tradicional e non renovadora aínda que coincide e se relaciona cos autores da Xeración Nós, asistindo ás innovacións que aportan á literatura galega.

A obra literaria de Francisco Sánchez García consta fundamentalmente de poesía, algúns relatos breves e artigos que oscilan entre o literario, a información e a crítica literaria ou político-social. As influencias son de Rosalía e Curros. Como o poeta de Celanova ama o progreso como figura no lema do poema premiado no certame de Betanzos: *A hestoria estúdiase nos feitos, e os feitos din que os povos que vanse quedando á zagueira dos adiantos, están condenados a unha eterna dependenza.*

## Breve antoloxía poética

¡NAIGALICIA!<sup>6</sup>

*Lema: A hestórea estúdiase nos feitos,  
e os feitos din que os povos que vanse  
quedando á zangueira dos adiantos,  
están condenados a unha eterna depen-  
denza.*

Do xardín que de auras froles  
se cobren nas primadeiras,  
Inda no vrau os cheirumios  
coma incenso arrecendean.  
Ven o outono: anque se murche  
todo o froito das rouseiras;  
anque esmáyense as mapolas  
e os lelés cores non teñan,  
aínda ós ceos dálle invidia,  
que, prodixo de maxeza,  
ningún iris se acompaña  
ó iris sagro en que os matices da terriña se acondensan.  
Chega o inverno: nel podrecen  
as froliñas que reganon as maus de ánxeles das nenas;  
as seiroxas son guindadas  
polo ar que as escorrenta;  
sobre o corpo as nordesías;  
pero a savea, alma da terra,  
rempuxando a eiscelsa vida que remozan as edades,  
e o misterio fixo eterna,  
frota sempre sobre os povos  
como as prumas dun paxaro sobre o podre da materia.  
E así frota, nai Galicia,  
a tua yalma sempre virxen sobre a carne que cheirea.  
¿Coma en corpo tan maltreito  
niñar pode alma tan grande, tan mauñífica e prefeuta?  
Tamén no arbore que atestiga  
do pasado as doces lendas  
que fixenon as ledicias dos sinxelos montañeses  
que aínda soñan nas aldeas;  
tamén no arbore centenáreo  
que no podre das entranas ve a vellés de que se nembra,  
vive a alada xuventude

---

6 Obra premiada cun accésit nos Xogos Florais celebrados en Betanzos no ano 1918.

que aniña entre os ramallos ó apunta-las primadeiras.  
¡Alma lus que orfrebe mago  
cincelou en férrea quenlla!...  
Anque a rentes das firidas  
do teu corpo sempre abertas,  
entre a carne laceirada pola lepra da iñomiña,  
os teus ósos sanguentados y escobertos aparezan;  
anque ñúbrense os teus ollos vendo a raza desmembrarse  
por busca-lo que che sobra noutros crimas e outras terras,  
anque mire-los teus arbres sin paxaros e sin niños,  
e o silencio nas túas chouzas, e os teus campos sin facendas,  
non por eso, ¡alma das almas!,  
as deixar de ser quen eras:  
o que fuche; o que es agora .  
o que has sere: ¡alma gallega!.

Eu non sei como se entoan menáncólecocos cantares,  
nin mimosas melodías... Esa múseca tan leda  
toda layos e queixumes, toda amor e sentimento,  
desconócea o que criou se como un toxo sobre a serra.  
Eu non sei o que son mágoas; eu non sei o que son choros,  
nin salayos, nin xemidos, nin lamentazós poéticas.  
Pero sei o que son bicos apricados a seu tempo  
Sobre a frente anacarada dunha nai fermosa e tenra.

No gran libro da túa historia -que non é o libro bretemoso  
que algúns forxan escallando no estercoeiro das ideas-  
dendrán que os nocedores do teu corpo estrapalado  
son dos mesmos que che ofrecen seus amores... ¡Probe terra!-  
Son os líricos sin lira, sin estilo, vos, nin gorxa,  
que aferrados ás mintiras tradizoales de cen lendas,  
se botanon mundo adiante pregoando os teus pecados,  
sin sabe-lo que é pecado, nin saber que é penitencia.  
Mundo adiante se botanon, e atoparon seus exendros  
todo o aprauso que merecen os parizos da materia;  
esa mel que pon nos beizos de anguixola da gafulla  
docedumes de insolenza.  
E inda máis: sobre a túa carne, como graxos en bandadas;  
Sobre o corpo -que a túa yalma non consinte as impurezas-  
ensanáronse os verdugos que roeran nos teus ósos,  
si os deixaran, tantos anos cantos ti vida tiveras.  
¿Nos conoces, nai quirida? Son os zaches anlamigos  
dos teus dioses e os teus mártires, do traballo e da concenza;  
son os mesmos que loándoas acoitelan as túas carnes  
e as túa aas acoitelan;  
que deteñen o teu voo

na metá da súa carreira...  
 Mais... ¿a qué falarche deles  
 se os conoces, nai eiscelsa?

O teu povo -que non soña cas endrómeas lexendáreas  
 de que lémbrense incoscentes os bufós da nosa terra-  
 ha mestere ilo empuxando carra á lus das libertades  
 mainamente, pouco e pouco, porque ó pronto na receban,  
 os seus ollos costumados  
 a soidade e morte eternas.  
 E hay que porlle das entranas, prá afianzalo, na ansiedade  
 que ten hoxe de ser libre, de ser povo e non ser besta  
 o viñagre e o sal que proen, coleirizan y enfourecen,  
 emproando as enerxías que por medo non se insenan.  
 ¡O teu povo! Xa non é o chorro que saltando na montaña  
 soyo baña ós bendizoados dons que nela se limentan:  
 e o regato mimosiño que se vai facendo río  
 para logo ser torrente que asoballe o chau da aldea.  
 Se non queres velo un día freixa brava dos teu mares  
 que imponente e reutadora desafíe a toda a terra,  
 tés que ancharlle o estreito cánler onde os membros encollidos  
 non atopan campo abondo para erxilarse cal deberan.  
 ¡O teu povo!... Cando aventes esas forzas acochadas  
 que onte ós trasgos se asustaron e hoxe rinse da Estadea;  
 esas forzas que escondían da cibdade e dos seus homes,  
 porque o home da cibdade... sigue cego a certas señas;  
 cando volvas pola raza que desvívese e esmorece  
 nun eisceso de ansiedade de saber... e de prudenza,  
 e o rempuxe dos teus muscols vay abrindo o fondo suco  
 en que grele e centupríquese a semilla das ideas;  
 cando rompa o monte virxen o aguillón do teu arado,  
 e renove-la semente nos teus agros e as túas leiras,  
 ¡e lle insenes ós teus fillos as entranas da terriña  
 que arañanon tantos sigros sin ver case froito nela!;  
 cando impoña-los teus nervos como forza redentora,  
 e a picaña dos teus sonos desradigue as malas herbas,  
 e aporveite-la inquietude da corrente das túas yaugas  
 pra arrastrar ós niticates que estancanon túa riqueza...;  
 a groriosa desventura de ser “soyo” muy fermosa-  
 engadida cos crarores do traballo e a intelixenza-  
 ha trocarse en venturosa fermosur de fermosuras;  
 que a labor e o entendimento cando hirmánanse e compretan,  
 axustándose ós mesteres eisixidos polos tempos-  
 que cada era ten seus dores, seus praceres y eisixenzas-  
 fan felís ós que confían... nos seus nervos e os seus músculs,  
 si lles serve o ideal de guía e a vontade os comprementa.

Queira Dios, Galicia miña, que os recramos desa aurora  
 que anunciando novos rumos nos teus eidos alborexa,  
 se non queden en dilirios e lusóns da fantesía  
 dos que falan das túas cousas por costume e por sistema.  
 Queira Dios que os novos rayos señan lume e non pinturas  
 romedando as laparadas e a roxés das túas fogueiras.  
 Queira Dios que ós teus filliños-  
 fillos, digo, non abortos que do amor de nai renegan-  
 os abraza o lume novo  
 que atrizado por maus férreas  
 ha lograr que os afemeados meiroeiros que te adulan  
 fáganse homes ou perezan.  
 Lume e ferro e o que has mestere  
 pró desabaye dos teus montes e as murradas tas túas veigas;  
 lume e ferro para rompe-los campos virxens  
 e queima-las terroeiros;  
 ferro e lume, nai Galicia, pra carboa-las almas podres  
 e aguilloa-las que dormentan.  
 Sobre o mundo da mintira –outa sempre e frotadora,  
 como unha ave no infinito –a túa yalma sempre meiga,  
 vai subindo e vai soñando, vai soñando e vai subindo,  
 por fuxir da poderdume que infeuzoa o chau da terra.  
 Dende a altura ve ós seus fillos axitarse sobre a nao  
 Que no mar da vida sómese entre oleaxes y entre brétemas,  
 e ilumina as filials ánseas con oulimpos esprandores;  
 que pra unha alma toda luces, non hay olas, nin hay breboas.  
 Pero a nai ve ós seus filliños que, como ela ensiando triunfos,  
 van sen rumbo no ars da groria, sono eterno dos poetas;  
 nin as sombras, nin a noite son capaces de ocultarillos:  
 ¿Cando ha ser, Galicia, a hora de que os fillos a nai vexan?

### **A Galicia**

Quero estar xunto a ti; quéroche tanto,  
 que coas lembranzas de teu nome vivo,  
 e cando a pruma collo non escribo  
 mais que as túas grorias e recordo santo.  
 Levo, cal ti, nas costas, mouro manto;  
 que antrambos temos un vivir cativo,  
 eu, porque lonxe estou do lar nativo;  
 ti, porque te acompaña o desencanto.  
 O desencanto, si, terra querida;  
 porque ti loitas sin ter quen te axude  
 cando algús queren atallarche a vida.  
 Pero hoxe surxe en fror a xuventude  
 que romperá con alma decidida  
 as sombras de tan fera ingratidade.

*(Buenos Aires, 1902)*

**Xan Fandiño**

Pediulle un día a bendición ó crego,  
 Xan de Fandiño, labrador honrado;  
 vendeu os bois, abandonou o arado,  
 e ó novo mundo foi, buscando achego.  
 Traballou sempre con empeño cego,  
 e tras dez anos de loitar cansado  
 lonxe da pátreas; sin salú, esfameado,  
 e case en coiros, volve ó chan gallego.

Cando entrou pola aldea Xan Fandiño,  
 falaba desta sorte muy baixiño  
 e sospirando con door profundo:  
 ¡terras novas!... para elas non correran  
 tantos gallegos, si cal eu souperan  
 a caterva de Xans que hay polo mundo!  
 (*Buenos Aires, 1902*)

**¡Lonxe!**

Alongado por mares inxentes  
 da terra que adoro, da pátreas que quero;  
 xa non alcontro quen cure as feridas  
 punzantes e fondas que na yalma levo.  
 Xa non escoito da nai, doce e tenra,  
 os nobres consellos,  
 Os nobres consellos  
 que me daba, cando tan ditosos,  
 os dous viviamos debaixo dun teito.  
 Xa non sinto, como noutros días,  
 o burar do vento  
 que zumbando chegaba ós pinares,  
 carballos, nogales, castaños, salgueiros,  
 E na ausenza sombría me parece  
 Que todo dime hoxe: cambearon os tempos].  
 Infelís polo mundo rodando  
 Sin rumbo, nin guía, ni pas, nin sosego;  
 ¡tan lonxe da pátreas!  
 ¡fóra dos meus eidos!  
 Como barco sin brúxula marchou  
 perdido o goberno,  
 e xoguete das olas da vida  
 serei, se é que á praya non retronno presto].  
 Ó Señor os meus rogos dirixo  
 pidíndolle a eito  
 que pro lado da nai adourada  
 me volva, pois nela solamente penso;



que me deixe tornar ós meus lares,  
alí donde foron meus sonos de neno;  
que me deixe goza-las caricias  
eternas e fondas que con ánsea aspero,  
y en morrendo que enterren meu corpo  
en donde descansa meu pai “en Teixeira”].  
(*Buenos Aires, 1903*)

### **Camiñemos**

*E sempre dunha maneira  
a vida; non se renova:  
aquí un berce, alí unha coba,  
principio e fin da carreira.  
F.S.G*

Mortal: a presa ou a modo  
has de cruzar o sendeiro;  
elixe calquer carreiro:  
é un mesmo camiño todo.  
Si nunca che dixo a chola  
porque o teu peito latexa,  
surríte, felís folguexa,  
e deixa roda-la bola.  
Si téas na frente unha lus  
e un sopro dos ceos na yalma,  
pídelle a Dios moita calma  
e que che alivie algo a crus.  
¿É un sono a vida? Soñemos;  
e posto que cometemos  
o delito de nacer,  
entre surrir e xemer,  
camiñemos... camiñemos...

Hay quen xura, muy formal,  
que o destino está marcado;  
pensa, ti, por decontado,  
que o teu destino é fatal.  
Pensa que á vida surxiche,  
froito da paseón allea,  
e que arrástra-la cadea  
de erros que non cometiche.  
Pensa... que un destino temos,  
e, anque nel moito confiemos,  
por si chegase a marrar,  
mentres nos deixen andar...  
Camiñemos... camiñemos...  
(*Lugo, 1912*)

**Son:**

O meu corpo unha morea  
de esterco da pior ralea;  
a miña chola un volcán  
onde coa tolemia en van  
o sentido forcexea.

A miña vida un cigarro  
que case o tempo fumou:  
¡dá pena ollala no carro  
no cal peligrando vou  
sobre unhas rodas de barro!

Mais non por eso me apeno:  
renace apacibre calma  
no meu corazón sereno...  
¡Y é que no fondo da yalma  
sinto o latexar dun neno!

(Buenos Aires, 1908)

**Na tomba de Rosalía**

Baixo a áurea rotonda  
repousa a dozura  
do céltico nume.  
Un aire de fronda  
o ambiente satura  
de excelso perfume  
Posto de xinollos  
penso... a fermosura  
dos versos trazados na manencolía  
anubran os ollos.  
Surxe Rosalía:  
tan linda aparece,  
trunfante antre escollos,  
que eu non sei se cante, se chore ou se rece.]  
De Curros as trovas  
resurxen potentes  
no tempro entre as cobas.  
¡Que rimas doentes!...

Parcen “Follas Novas”.  
As poéticas frores  
que o vate preñado  
de doentes amores  
pousou no chorado

sepulcro, rimadas  
estrofas parecen.  
¡Como reverdecen  
nas pedras sagradas!

“Na frente unha estrela,  
no bico un cantar”.  
Así falou dela...  
¡Cantora do Sar!  
¡Fonte de poesía  
que secou de amar!  
¡Meiga Rosalía!  
(*Santiago, 1915*)

### **A Manuel Curros Enríquez**

Tornou á pátreas o vate das tenras melodías  
o que en xeniales versos cantou as gorias nosas;  
de novo o chao tripando tal ves soñaba en rosas  
que lembrar fixéranlle pasadas alegrías.

Pero ¡ay! Esconsolado ver puido en poucos días  
que as froles que lle ofrecen son murchas e espiñosas,  
das que arrincar á lira fan notas tan queixosas  
como as que entoou o poeta nas súas melancolías.

Que, anque Galicia tivo croas para súa frente  
e rey das pátreas musas o procamou o pobo,  
eu, como tantos outros, vin con door profundo

ó *vate fortuna* coller o fol de novo,  
e tras unha olladiña de amor á nai doente  
salir con el ó lombo, cara o lontano mundo.  
(*Buenos Aires, 1907*)

